TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA

Nome do plan: Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, revisión de terceiro ciclo (2021-2027)
Promotor e órgano substantivo: Augas de Galicia
Expediente: 2019AAE2354
Código web: 2224/2019

O día 01.08.2019 recibiuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático un escrito de Augas de Galicia no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do *Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, revisión de terceiro ciclo (2021-2027),* para o que achega o documento inicial estratéxico e o borrador do plan, segundo esixe o artigo 18 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Unha vez avaliada a documentación presentada e considerando que:

1 A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece o ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica e o réxime xurídico que regula o procedemento administrativo.

2 O artigo 6.1.a) da Lei 21/2013 determina que serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica ordinaria aqueles plans, así como as súas modificacións, que se aproben por unha Administración pública, que a súa elaboración veña esixida por unha disposición legal ou regulamentaria, que establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación do impacto ambiental e que se refiran á xestión de recursos hídricos.

3 O artigo 19.1 da Lei 21/2013 sinala que, con carácter previo á elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, o órgano ambiental someterá o borrador do plan e o documento inicial estratéxico ás consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo de 45 días hábiles. Porén, esta Dirección Xeral decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia da tramitación e a participación cidadá.

4 A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio, Ambiente, Territorio e Vivenda).

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública por un **prazo de 45 días hábiles**, desde o 07.08.2019 ata o 10.10.2019, o documento inicial estratéxico e o borrador do *Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, revisión de terceiro ciclo (2021-2027).*

Os documentos presentados polo promotor están dispoñibles na sede electrónica deste órgano ambiental (https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto).

Para máis información pódese consultar tamén a web de Augas de Galicia - 3º ciclo de planificación: PHGC 2021-2027: https://augasdegalicia.xunta.gal/seccion-tema/c/Planificacion_hidroloxica?content=plan-hidroloxico-gc/seccion.html&std=tercer_ciclo_planificacion.html&sub=Subseccion_001/

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes vías:

- A través do formulario informático habilitado na web deste órgano ambiental (https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal.
- Mediante escrito presentado na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no rexistro administrativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O documento de alcance do estudo ambiental estratéxico que se elabore tras o período de consultas farase público na sede electrónica (https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Santiago de Compostela, 07 de agosto de 2019